

MARINAS, José-Miguel: *Ética de lo inconsciente. Sobre comunidad y psicoanálisis*, Biblioteca Nueva, Madrid, 2014, 270p.

José-Miguel Marinas, catedrático de Ética e Filosofía Política da Universidade Complutense de Madrid, presenta e recolle neste libro un conxunto de ensaios, intervencións públicas e traballos, que buscan abrir campos de discusión arredor das posibles liñas de ampliación da reflexión ética e política aos desenvolvementos derivados da experiencia psicanalítica. A ética, a filosofía política e a psicanálise, trazan un terreo fronteirizo no que o pensamento de Marinas sae ao encontro para mostrar, nomear e teorizar, iso que, no mundo actual, pode acubillarse entre catro rúbricas: comunidade, vínculo, outro, gozo. O obxectivo é poñer en palabra as experiencias contemporáneas da anomalía, os síntomas que percorren os suxeitos colectivos e individuais. A finalidade, proporcionar traxectos e conceptos para a construción, en comunidade, dunha ética (un ben que se ergue e se comparte, non dun modo individualista, mais si persoal) e unha política (un vínculo que dá sentido, saudable e consciente, ao feito político vivido e, tamén, por vivir).

O primeiro ensaio, “La comunidad de quienes no tienen comunidad”, mostra un camiño de exploración das posibilidades de operar a comunidade que se xoga no plano do inconsciente, un recorrido ético e político das, e polas, formacións do inconsciente, coa vista posta en lograr un beneficio para a vida nun común que, a día de hoxe, está rabenado e deturpado. Marinas entende a comunidade como o establecemento dunha forma de vínculo no que a experiencia da cura, da transferencia, de tratar co inconsciente, segue a insistir, e nunca está inscrita, con suficiencia, na superficie do social e individual. Esta comunidade non é a dos analizados ou afeccionados ás sesións clínicas. Mais ben, é a dos que detectan os sinais do

---

Recibido: 20/08/2018. Aceptado: 03/09/2018.

inconsciente, non se apresuran a nomealos, pretenden desprender un saber do non-saber e deliberar, sen ceder, sobre o propio desexo (a propiedade do desexo, o desexo de propiedade). Os seminarios de Freud (que supoñen un sentido de comunidade que anoa o inconsciente co político), e a lectura da comunidade por Lacan (que pensa o vínculo comunitario desde a suposición inconsciente freudiana e a violencia do recoñecemento de Hegel), son os dous marcos que trazan o camiño que conducen a unha busca “do” suxeito. Suxeito plural e descentrado (que se aproxima aos fundamentos do don, o non produtivo, a gratuidade). Suxeito comunitario (que se move no acompañamento do saber do inconsciente).

O segundo ensaio, “Kant y el reverso de la Ilustración: una lectura ética y política de Lacan”, presenta a intervención textual que Lacan practica sobre Kant. Responde a catro cuestións: que quere, herda, le, fai, Lacan con Kant? O obxectivo é retomar, recoller e refacer, a capacidade de discernimento (da terceira *Crítica*) para aplicala ao cuádruplo nó suxeito-comunidade-violencia-polis. Marinas analiza, con detalle e precisión, catro aspectos. Primeiro, o proxecto de Lacan (a desmesura humana como punto de partida, a práctica da cura, a dación de nome ao suxeito e desexo). Segundo, a pegada de Kant na psicanálise (a experiencia analítica como ganancia de lucidez e emancipación; a relación entre imperativo categórico e inconsciente; a estrutura do suxeito como constitución no lugar, discurso e desexo do outro). Terceiro, as referencias a Kant en Lacan (o desprendemento da moral de calquera obxecto). Cuarto, a ética kantiana e a psicanálise como ética (o descubrimento dun suxeito que non é capaz de abranguerse totalmente a si mesmo). Marinas remata con dúas suxestións. En primeiro lugar, a crítica do discernimento pode abrir o paso a un suxeito descentrado (non apráxico) e unha polis dificilmente societaria (que non reprime, no nome da comunidade perdida, e non se reencontra no consumo). A continuación, a apertura do campo ético debe proxectarse a dúas dimensións non suficientemente exploradas: a alteridade constitutiva (o discurso e desexo do outro na xénese da subxectividade do suxeito) e a universalidade da perda (o recoñecemento dunha estrutura do suxeito ético imposible de satisfacer co recurso á orixe). Así contemplada, para Marinas aínda é posible rescatar a proposta ilustrada de Kant para o suxeito actual.

O terceiro ensaio, “Freud y Lacan en la constelación del consumo”, deita luz sobre o contexto de crise no que xorde a experiencia psicanalítica, e a hipótese do inconsciente como estrutura interior dun modo de mirar e escoitar que produce una relación inédita coa teoría. A experiencia da (psic)análise é a da liberación da palabra na que poden aparecer os repre-

sentantes dos contidos reprimidos (non das escenas). Fan dela unha palabra plena que di o que lle ocorre ao suxeito. Esta experiencia é coetánea da industrialización e da crise do suxeito moderno. Xunto á crenza no tempo histórico (lineal, progresivo, acumulativo) e o tempo do ritmo do mercado (innovación, fugacidade, mais, tamén, circularidade, repetición), insinúase o tempo inconsciente (rexido polo contraditorio motor do desexo). E, entre estes tres tempos, irrompe outro, o da biografía: a necesidade do suxeito de narrarse para lograr algo de coherencia. O réxime da mercadoría debuxa a constelación na que Freud se inscribe: un marco temporal fragmentado. O segundo réxime da mercadoría depende do anterior: o simulacro e o tempo da moda. O instante, o retorno, a novidade, é a tripla apertura deste tempo roto. A escena do eterno retorno, como algo sagrado e excluído, que o consumo representa, é a outra face do réxime do mercado. Marinas resalta que se o tempo do progreso foi destituído polo tempo do instante, este está furado polo tempo do inconsciente, a aparición do fetiche e o burato no suxeito.

O cuarto texto, “Ética de la transferencia”, mostra a existencia da transferencia fóra do espazo da sesión clínica. A transferencia pode ser entendida como un proceso de carácter ético e, tamén, como un conxunto de resultados con implicacións éticas. Este trazado ético está determinado pola mudanza entre significantes, a escoita sistemática das manifestacións do desexo, a dirección da cura, o carácter transpersoal do que se acuña e proxecta. Marinas propón a clave dunha ética da escoita: atención á palabra dun suxeito constituído desde ela, considerado desde o inconsciente articulado como unha linguaxe, analizado desde a imposibilidade de acceder a si mesmo (e, xa que logo, de dicirse completamente), estimado (non denegado) na súa dimensión non consciente, empurrado a preguntarse polo (seu) desexo. Malia que a psicanálise non é un sistema ético, si é unha experiencia moral: cambia a vida de cadaquén tornándoa máis consciente do límite e, tamén, dos recursos dispoñibles.

O quinto traballo, “Razones de la sinrazón: ética levinasiana, ética lacaniana”, percorre algúns elementos das propostas éticas de Levinas e Lacan: a teorización do suxeito quebrado, o outro, o desarraigo, os límites do dicir. Marinas propón dous conceptos: “o ferrollo do sagrado” (Levinas), “o anel do real” (Lacan). O primeiro alude á existencia dun limiar mudable entre o profano e o sagrado (demarcación móbil e, por iso, perigosa, prefiguración do abismo). O segundo, o que o suxeito non é capaz de apropiarse (facer propio, apoderarse nel). A ética da mirada centrada na face (Levinas) e a ética da escoita centrada na palabra (Lacan), non se cruzan nin se en-

contran. Mais, hai un punto de articulación entre ambas: o concepto de transferencia. Os individuos das grandes metrópoles ven, mais non miran, oen, mais non se escoitan. O vínculo social está en crise: hai confluencia de intereses, mais non un espazo común de co-responsabilidade. Acompañar os sinais do inconsciente, rastrexar as transferencias entre códigos, vixiar a presenza do outro en nós, de nós no outro, é posible no campo mestizo da ética psicanalítica: a deliberación compartida sobre o desexo e a relación do desexo coa lei.

O sexto ensaio, “Ética del duelo, ética del dolor”, é unha atinada diagnose, e reflexión, sobre a prohibición do dó e da dor (a súa presentación, representación, recoñecemento, tramitación aberta e saudable) nas sociedades actuais. O dó (como experiencia do limiar) e a dor (como intimidade doente que non sabe adoecerse nin facer o traballo do dó), poden ser criticamente asumidos desde unha ética do dó que non nega a experiencia da perda e a morte, que se afai a pensar a lóxica do desexo, aquilo que latexa indíxible no síntoma, que se proxecta sobre a pantalla do inconsciente comunitario e que, para desgraza da comunidade, non acerta a nomear o seu sentido.

O sétimo ensaio, “Lejano como un padre: lo político después de Lacan”, introduce no debate da ética e a política inspiradas na psicanálise, a orixe, función, mudanzas, supervivencias, da figura paterna no inconsciente. Marinas percorre, con orixinalidade e sutileza hermenéutica, varias teorizacións: a orixinaria e connatural fragilidade de calquera figura paterna (incluída a do pai mítico); as consideracións de Freud e Lacan sobre o pai; algunhas ampliacións poslacanianas (Silvia Tubert, Michel Tort, Ritvo); os trazos do discurso político do pai. Marinas enfía un ensaio brillante e afinado no que mostra que o declive do pai non é ocasional senón, máis ben, o seu principal avatar desde os mitemas da saga de Edipo ata o pai da parella moderna. O pai mancado, que fala unha lingua estranxeira, desarraigado, nómade, afastado e, inclusive, múltiple, son algunhas das súas paradoxais figuras e presentacións, alusións, en realidade, á outra escena, sempre velada. Tamén, son fitos que fan circular unha formación do inconsciente, un tipo de síntoma, una *imago*, unha inter-implicación do materno e o paterno, entre outros, que sinalan a dependencia do pai das categorías culturais e históricas mais, sobre todo, a pegada claudicante do pai no vínculo político. Aparecen figuras políticas que non son puramente institucionais, senón que aluden ao que acontece na outra escena (inconsciente): a orixe traumática da *communitas*, o pai-*padrone* (propietario), o pai da parella moderna nuclear ou posnuclear. O decaemento actual do pai ten catro trazos: a crise da cultura de consumo (pasaxe do patriarcalismo á fratría); o papel irrelevante

da figura paterna no capitalismo de consumo (competición impotente coa autoridade do Capital e os medios de comunicación); as transformacións na xenética reprodutiva (discusión sobre a filiación); o masculino e o feminino como posta en cuestión do pai (falta de identificación). Marinas lanza unha sospeita: o decaemento da vella figura paterna, do sistema do patrón-pai, encobre, quizais, un sistema de sometemento a instancias paternas diluídas no anonimato psicotizante da sociedade de consumo.

O oitavo ensaio, “Historias del discurso masculino”, completa e amplía o texto anterior. Expón as condicións implícitas do discurso masculino da modernidade: o itinerario de investigación que conduce a Freud ao descubrimento da histeria masculina; o fetichismo; a elección do falo en Lacan; o límite do gozo. Marinas mostra que o varón e o discurso masculino afrontan catro buratos negros, ou carencias (mercé aos procesos de ocultación, disimulo, silencio, desviación): o corpo (a pregunta pola vellez, o límite, a morte); o fetiche (a cuestión do desexo, o que oculta o fetiche, o medo á castración); o falo (o pai como embaixador dun quen descoñecido, o proceso de identificación sexual); o gozo (o que non é pracer nin dominación).

O noveno texto, “El *semblant* de Lacan o la comunidad de los inconscientes”, suxire varios sentidos do termo *semblant* na dirección de abrilo á ética e política da comunidade, co obxectivo de propoñer un punto de partida, non unha cláusula de peche filolóxica. Como manifestación do real, aparencia sen fundamento, suposición dun artefacto que funciona como se fora natural (mais non é), *semblant* pode adquirir varios perfís: simulacro, aparencia, finximento, ficción, dominio ou lugar dominante, reclamo. Ademais, desde a lectura de Lacan, pode reunir verdade e síntoma, de tal modo que o feito de dicir, de poñerse a dicir, maniféstase como feito primordial.

O último ensaio, “Elegía del padre innecesario”, é unha deriva creativa, moi suxestiva, sobre os mitos e lugares do pai, a súa palabra e presenza esquiva, a historia da cultura do pai que sempre está en caída (esta é a súa condición). O seu decaemento móstrao como quen anoa, lendo a Lacan, o imaxinario, o simbólico e o real.

Neste conxunto de ensaios, Marinas exhibe unha *filía* filosófica ilustrada, cribada na peneira da *sofía* psicanalítica, levedada na *vocatio* moral, aquilatada no *compromissum* político. Ofrece os posibles elementos de construción consciente (persoal, comunitaria) da identificación saudable do suxeito consigo mesmo, e cos outros, nun proxecto común que non é represivo, falso, reactivo; desprega algunhas condicións de posibilidade dun modo de vida (ético, político, en suma, comunitario) que non arroxa ao síntoma o que non quere, non sabe, ou non pode, nomear (experimentar);

expón a condición humana no seu contexto actual (despois das grandes guerras do século XX, na cultura de consumo, no bazar universal) para reunila (fóra da clínica) no lugar plural (íntimo, tamén éxtimo) onde se forxa a invención dos fantasmas (individuais, colectivos) mais, tamén, os procesos de discernimento do, co, e sobre, o desexo; transforma os códigos, aparentemente pechados, da filosofía e a psicanálise, nun encrucillado, fértil e prometedor, que non cede ao escamoteo da súa conversión en fetiche (académico, mercantil). En suma, nos pregos das súas meditacións asoma, sen estridencias argumentais e con conceptos permeables, esa “outra escena” que permite abrir a superficie do cotiá aos tres nomes que a sosteñen: comunidade, emancipación, gozo. Nomes que sempre agardan a ser inscritos na medida en que tenden a ser reescritos, de maneira arteira, pouco saudable, sempre invertida, con forma de síntoma, na moral, política e sociedade.

Miguel Ángel Martínez Quintanar